

O goberno de Nigrán decide manter a biblioteca municipal no actual local en Cean.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 15 Setembro 2015 17:41



A instalación suma 3.766 socios, 200 deles incorporados ao longo deste ano 2015.

A obra *Dispara, yo ya estoy muerto*, de Julia Navarro é o libro máis solicitado na biblioteca.

O Concello descarta trasladar a sala de lecturas ás escolas de Cotros, onde actualmente está cerámica

A Biblioteca Municipal de Nigrán sumou este mes de agosto 376 libros a súa colección, sinalan dende o concello. Con estes títulos o fondo total acada os 33.479 exemplares incluíndo libros, revistas, CD, DVD, etc. O goberno local afirma que trátase dun aumento de compras próximo ao 15% con respecto ao ano anterior.

Entre as adquisicións atópase literatura narrativa como *Cadeas*, de Xabier López, ou *Diario de Inverno* de Paul Auster. Os novos títulos abranguen tamén exemplares de historia, guías turísticas e gramáticas entre outros.

O goberno de Nigrán decide manter a biblioteca municipal no actual local en Cean.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 15 Setembro 2015 17:41

Sinalan que ao longo do ano 2015 sumáronse á instalación ubicada no Cean 3.030 libros, efectuándose 5.466 préstamos entre 1.123 socios. “*Os veciños demandaban novidade literarias e as compras van nesta liña. A cultura e a educación son ilares fundamentais deste goberno e manteremos a nosa aposta por reforzar a biblioteca*”, sinala o rexedor, Juan González.

Neste senso, todos os últimos venres de mes, neste caso o día 25 de setembro, realízase unha exposición de novos libros infantís e xuvenís. Os volumes máis solicitados son “*Dispara, yo ya estoy muerto*”, de Julia Navarro; “*Cincuenta sombras liberadas*”, de James E.L.; e “*La isla de las mil fuentes*”, de Sarah Lark.

A Biblioteca ten 3.766 socios aínda que recibe máis de 8.000 visitantes cada ano (neste 2015 xa se superan os 6.000). Para facerse socio tan só é necesario encher unha ficha de inscrición na propia instalación ou ben vía telemática, é de balde e non é necesario estar empadroadado en Nigrán para poder gozar dos seus servizos. A biblioteca conta cun blogue en internet no que actualiza toda a súa información puntualmente (<https://bibliotecadenigran.wordpress.com>) e onde incluso se poden atopar as recomendacións e críticas literarias dos propios usuarios.

O horario dende este mes de setembro é xa o habitual: de luns a venres, polas mañás de 10:00 a 14:00 e, polas tardes, de 16:00 a 20:00, os sábados de 10:00 a 14:00.

Cotros

O actual goberno municipal de Nigrán anuncia que descarta trasladar a sala de lectura ás antigas escolas de Cotros, situadas na rúa Sarmiento (Mallón) e como si proxectaba o anterior goberno.

Argumentan que este espazo é empregado dende o ano 2007 pola escola municipal de cerámica e non se considera necesario facer ningún cambio. “*Non tiña ningún sentido un proxecto que consistía en manter a Biblioteca no Ceán habilitando unha sala de lectura con*

O goberno de Nigrán decide manter a biblioteca municipal no actual local en Cean.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 15 Setembro 2015 17:41

menos capacidade aínda e situada en Cotros, moi distante e onde non estarían a disposición dos usuarios os libros; ademais, alí xa se desenrola unha actividade con gran número de alumnado que sería moi difícil recolocar

”, destaca González.

“Ao tratarse dunha subvención da Deputación farase unha petición para cambiar o destino da mesma e que supoña un beneficio para os cidadáns de Nigrán e non un problema ”, indica o rexedor.